



## UNIVERSIDADE DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Javier de Vicente Remesal  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. José M. Da Rocha Álvarez  
 D. Óscar Rubiños López  
 D. Julio Taboada Pérez  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Xosé Henrique Costas González  
 D. José Durany Castrillo  
 D. José Ramón Fernández Bernárdez  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesias  
 D. Luis Ortíz Torres  
 D. Alberto Pena Rodríguez  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D. Patricio Sánchez Bello  
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( UXT)  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
 D. Manuel Varela Lafuente

### DESCULPA A ASISTENCIA

D. José M<sup>a</sup>. Gil Villanueva  
 D. M<sup>a</sup> José Roca Fernández  
 D. Manuel Velasco Graña  
 D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de cinco de xuño de dous mil un, ás 15:30 horas en primeira convocatoria e ás 16:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O martes, **día 5 de xuño de 2001**, ás 16:15 horas, comezou a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da proposta de creación de novos Departamentos.
- 2.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de postgrao: I master en Dirección de Comunicación e Protocolo, I master en Deseño, Tecnoloxía e Xestión de Productos de Moda-Confección, I cursos de especialista en Dirección e Xestión de Establecementos Termiais, III master en Creación e Dirección de Empresa, V master en Organización e Dirección Turística.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da proposta de creación de novos Departamentos.

O Vicerrector de Organización Académica explica a proposta de creación dos seguintes Departamentos para a súa remisión ó Claustro:

- H10 Lingua Española (monoárea).
- H11 Literatura Española e Teoría da Literatura (áreas de Literatura Española – 583 e Teoría da Literatura e Literatura Comparada 795).
- H12 Traducción e Lingüística (áreas de Lingüística – 575 e Traducción e Interpretación - 814).

por transformación dos actuais Departamentos

- H02 Filoloxía Española e
- H06 Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura

Así mesmo, propónse a creación do Departamento X12 Dereito Público Especial (áreas de Dereito Financeiro e Tributario – 150, Dereito Penal – 170, Dereito do Traballo e da Seguridade Social – 140) que se separa do actual Departamento X03 Dereito Público.

Intervén o profesor Santamaría para manifestar a súa oposición á p`roposta xa que non se cumpre o artigo 19 dos Estatutos que fixa o número mínimo de profesores numerarios (anexo). Explica o Vicerrector que o artigo 8.2 permite excepcionalmente e por un período de tres anos baixar dese mínimo.

Sométese o punto a votación:

A favor	25 votos
En contra	0 votos
Abstencións	1 voto

Apróbase esta proposta para a súa remisión ó Claustro.

**Punto 2.** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de postgrao: I master en Dirección de Comunicación e Protocolo, I master en Deseño, Tecnoloxía e Xestión de Produtos de Moda-Confección, I cursos de especialista en Dirección e Xestión de Establecementos Termais, III master en Creación e Dirección de Empresa, V master en Organización e Dirección Turística.

O Vicerrector de Organización Académica di que están pendentes de aprobación as taxas por parte do Consello Social e que en todo caso este trámite se realizará antes do Claustro.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo.

O professor Candelas considera excesivo o número de horas seguidas que se imparten dunha mesma materia e opine que debe controlarse máis este tipo de cuestións.

A continuación sométese a votación:

A favor	22 votos
En contra	2 votos
Abstencións	2 votos

Apróbanse.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 17:00 horas do día 5 de xuño de 2001 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo